

FITZ-JAMES O'BRIEN

A lente de diamante

Traducido por Alejandro Tobar



Vólvense os paxaros contra as escopetas

I

Dende un período moi temperán da miña vida, as miñas inclinacións dirixíronse de cheo cara ás investigacións microscópicas. Con pouco máis de dez anos, un parente afastado da familia, coa esperanza de remediar a miña falta de experiencia, construíu para min un sinxelo telescopio; a tal efecto, afuracou con minuciosidade un disco de cobre, orixinando un buraco no cal unha pinga de auga pura se sostiña pola atracción capilar. Tan primitivo aparello, que magnificaba a visión nuns cinco centímetros de diámetro, presentaba, é verdade, só formas vagas e imprecisas, mais que lle bastaban ao meu caletre para facer agromar un prodixioso estado de excitación.

Ao que percibiu o meu interese en tan rudo instrumento, o meu curmán explicoume todo canto sabía acerca dos principios do microscopio; relatoume algún dos fitos que se acadaran grazas a el, e por último deu en me prometer que me enviaría un aparello debidamente fabricado tan pronto como chegase á cidade. Conteí cada día, hora e minuto decorridos entre a súa promesa e a súa partida.

Entrementres, fixen de todo bardante folgar. Calquera substancia transparente que se asemellase, aínda

que fose no máis mínimo, a unha lente, pasou polas miñas mans; así foi como levei a cabo unha serie de vans intentos por fabricar ese instrumento, cuxa construción aínda segue a ser para min de ardua comprensión. Todas as láminas de metal que conteñen eses aplanados e esféroidais nós, aos que de xeito popular se lles dá o nome de «ollo de boi», foron brutalmente destruídos coa esperanza de obter lentes dun poder colosal. Mesmo cheguei a extraer o humor cristalino dos ollos de peixes e outros animais, coa teima de que prestasen un servizo microscópico. Declárome culpable de roubar os cristais dos anteollos da miña tía Agatha, movido pola idea de esmagalos e esnaquizalos até os converter en portentosas lentes de aumento..., mais todo intento de que así fose acabou nun estrepitoso fracaso.

Por fin chegou o instrumento prometido. Era do tipo que se denomina *microscopio simple de Field* e debeu de custar por volta duns quince dólares. No tocante a un propósito educativo, non había un aparello mellor ca este, pois viña acompañado dun pequeno folleto explicativo –coa historia, usos e descubrimento do microscopio. Comprendín entón por vez primeira as «Delicias de *As Mil e unha noites*». O soporífero veo da existencia rutineira que envolvía o mundo, de socalto pareceu que se enrolase sobre si, deixando ao descuberto todo un mundo de encantadora fantasía. Sentín polos meus compañeiros o que talvez un visionario dea en sentir por un fato de homes comúns. Mantiven múltiples conversas coa natureza nunha lingua que o individuo medio non comprende. Estaba en constante comunicación con marabillas viventes, que ningún dos

